

PLAN DE CHOQUE SOCIAL

OS SERVIZOS PÚBLICOS SON VIDA E DIGNIDADE

Os servizos públicos están ao noso lado desde que nacemos e acompañannos en toda a nosa vida. **Garanten dereitos fundamentais como a educación, a saúde ou a protección social. Por iso cando recortan servizos públicos, recortan as nosas vidas, a nosa dignidade.** Por iso cando privatizan servizos públicos, venden parte das nosas vidas e a nosa dignidade para que alguén faga negocio á conta de todas. Por iso cando hai xente que queda excluída dos servizos públicos a nosa sociedade é máis inxusta.

Unha sociedade que inviste en servizos é máis democrática, está máis cohesionada e preparada para afrontar dificultades. Por iso a educación, a sanidade, as pensións, os servizos sociais, o transporte público, a auga, as telecomunicacións teñen que chegar todas as familias, a todos os ámbitos.

Na actualidade isto non é así. **Os servizos públicos están infradotados, son insuficientes, exclúen procesos necesarios e non alcanzan a todos os territorios, deixando especialmente desabastecido o medio rural.** A privatización que sufriron moitos destes servizos supuxeron unha perda de calidade e un aumento das contratacións precarias mentres que enriqueceron ás empresas que os xestionan.

España está por baixo da media da UE en gasto sanitario (-1,1%), educativo (-0,7%), de protección social (-1%), de vivenda (-0,1) ou de servizos públicos xerais (-0,2%). Outros gastos necesarios, como os da loita contra a violencia machista ou a pobreza infantil seguen estando lonxe do necesario para abordar estes problemas.

No caso da sanidade, entre 2010 e 2017, o Estado español perdeu máis de 12000 camas de hospitais a pesar do aumento da poboación. Na actualidade temos 243 camas/100000 habitantes, sendo o vigesimoquinto país da UE-28, cuxa media é de 372 camas/100000 habitantes. A persoal enfermería sitúase en 574/100000 habitantes no posto 18 dos 23 países con datos da UE, cuxa media é de 850/100000 habitantes. No informe 'State of Health in the UE. España. Perfil sanitario nacional 2019', a Comisión Europea advirte que unha importante parte dos profesionais sanitarios teñen contratos temporais, o que aumenta a taxa de rotación do persoal. Ademais, os concertos público-privados derivaron parte do gasto sanitario a beneficios empresariais. Na Comunidade de Madrid, unha das rexións máis privatizadas (onde a crise da COVID-19 foi máis aguda), construíronse sete hospitais de concesión privada, con sobrecustos calculados en 3500 millóns €, pero en total diminuíu o número de camas.

Por desgraza a crise da COVID-19 mostrou que non se pode atender unha emerxencia en condicións porque os servizos públicos, que xa estaban desbordados, non están preparados. A infradotación de hospitais e de residencias de maiores, o pouco persoal sanitario, a falta de camas, as poucas axudas á dependencia (con máis de 425.000 persoas en lista de espera) ou a precarie-

dade dos servizos sociais (con recortes de 2.200 millóns euros en 2013) dificultaron a actuación ante unha emerxencia xa non só sanitaria, senón social e alimentaria, no que se prevé pasar de 6 millóns de persoas atendidas en Servizos Sociais a máis de 10 millóns antes de acabar o ano. O persoal sanitario ha traballado cunha falta de seguridade absoluta. Isto non é de recibo cando dá a cara día a día tratando de salvar o máximo de vidas. A pandemia está a ser especialmente crúa nas residencias de maiores, un sector altamente privatizado (en torno ao 85% son residencias privadas e cada vez máis están en mans de fondos de investimento) no que leva anos denunciando o mal estado das instalacións e a situación do persoal, escaso, saturado e mal remunerado. De feito, a Fiscalía investiga a 38 residencias de España, 19 delas en Madrid, onde se produciu a maior mortalidade (en torno ao 70% das mortes por COVID-19 da rexión).

Queremos medidas de choque urxentes que aseguren a mellor atención para as persoas que necesitan estes servizos, moitas das cales se quedaron excluídas (por exemplo o alumnado sen acceso a internet). Queremos a protección adecuada de quen está en primeira liña, de quen nos manteña como sociedade, os denominados “servizos esenciais”, especialmente o persoal sanitario e das residencias: demandamos recursos de protección individual e colectiva non defectuosos, test diagnósticos efectivos para persoas traballadoras e medios adaptados ás condicións de crises.

Queremos ademais a reversión das privatizacións e o aumento do investimento para que os servizos públicos sexan universais e de calidade, garantan condicione laborais dignas e fomenten unha sociedade máis xusta socialmente e sostible ambientalmente. Desta crise só podemos saír se reforzamos os servizos públicos, por iso rexeitamos os recortes e os plans de austeridade impostos pola UE que levamos sufrindo unha década e que tanto estamos a padecer agora. Apostamos pola ampliación do público en ámbitos como a investigación, a vivenda, a banca, a enerxía renovable ou as infraestruturas agroalimentarias, para asegurar que a recuperación económica favorece á cidadanía.

**Por un futuro que cambie o presente,
Por un futuro para as nosas vidas con dignidade para todas,
Os servizos públicos son vida e dignidade.**

**Pinta un corazón verde.
Un plan de choque social que poña a vida no centro.**



**PLAN
DE CHOQUE
SOCIAL**